

Desde o EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA queremos editar un calendario de sobremesa para o ano 2022, igual que fixemos nos últimos cursos, pero este ano queremos abrir a participación a todo o alumnado, por iso convocamos un

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

de acordo coas seguintes

BASES

1. O TEMA do calendario vai ser O MAR, polo tanto as fotografías deberán centrarse nese motivo, tratándoo do xeito que cada participante queira.
2. Poderá participar TODO O ALUMNADO do instituto.
3. Cada participante só poderá enviar UNHA FOTOGRAFÍA.
4. Tendo en conta o formato do calendario, as fotografías deberán ser HORIZONTAIS.
5. As fotografías deberán ser ORIXINAIS, INÉDITAS e coa maior resolución posible. Non se admitirán fotografías comprimidas.
6. As fotografías remitiranse en formato jpeg, jpg ou similar ó enderezo electrónico edl.iesribadeo@gmail.com.
7. En ASUNTO debe figurar o NOME, APELIDOS, CURSO e GRUPO da persoa participante.
8. O PRAZO de presentación remata o día 30 de NOVENBRO.
9. O XURADO seleccionará 12 fotografías: unha para cada mes do ano. A súa decisión será inapelable.
10. O PREMIO consistirá nun VALE por 5 euros para cada unha das persoas premiadas, para gastar na cafetería do instituto.

